



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

PROGRAMA DE APOIO AO ENSINO E APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS (PALE)

O 14 de febreiro de 2007 publicouse no portal educativo a convocatoria do Programa PALE. Trátase dun itinerario formativo para 90 docentes que vai dirixido ao profesorado de linguas estranxeiras de educación infantil e primaria e ao pro-

fesorado CLIL (de áreas, materias ou módulos non lingüísticos nunha lingua estranxeira) de educación primaria e secundaria. Inclúe formación dun mes, durante o cal o profesorado participante será substituído no centro, e unha esta-

día de tres semanas en Francia ou Inglaterra. Os docentes teñen un mes para solicitar a súa participación.

[Acceso ao programa.](#)

PROBAS LIBRES PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE FP

Na [resolución do 15](#) de xaneiro de 2007, convócanse as probas libres que lles permitirán ás persoas adultas a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de

Galicia, así como da acreditación de unidades de competencia. As solicitudes de matrícula que atoparán no portal educativo, na sección de formación profesional, presentaranse no centro docente onde se van reali-

zar as probas de cada ciclo ata o día 22 de febreiro.

[Máis información.](#)

ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS

No DOG do xoves, 15 de febreiro, sae publicada a orde do 30 de xaneiro de 2007 pola que se modifica a do 1 de abril de 2002, coa que se regulan as probas de acceso aos ciclos

formativos de formación profesional específica.

[Acceso ao DOG.](#)



PROGRAMA EDUCANDO EN XUSTIZA

Asinado un protocolo de colaboración que permitirá o desenvolvemento na Comunidade Galega do programa Educando en Xustiza, unha iniciativa promovida polo CGPJ e que pretende divulgar entre o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato

o concepto do que é e do que representa a xustiza nun Estado de dereito, non só coa finalidade de afondar nos valores democráticos, senón tamén coa de darlles a coñecer o significado, a actuación e as funcións do poder xudicial en España. O programa pre-

tende reforzar os valores desde a infancia, e nel teñen un papel destacado o Plan Valora e o Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar.

[Ler máis.](#)

Contido:

Programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras.	1
Probas libres para a obtención do título de FP.	1
Acceso aos ciclos formativos.	1
Programa Educando en Xustiza.	1
Convocatoria nacional no marco do Programa de Aprendizaxe permanente 2007.	2
V edición dos Premios Educacompostela.	2
Axudas económicas para gastos derivados de accidentes de tráfico.	2
Concurso escolar "El Banco de España y la estabilidad en la economía".	2
Operación can	2

CONVOCATORIA NACIONAL NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE 2007

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Estas axudas van dirixidas a centros que desenvolvan un proxecto escolar (Comenius), alumnos de ciclos superiores de FP e de estudos superiores de música, danza, deseño e artes plásticas (Erasmus), á For-

mación Profesional inicial e continua (Leonardo da Vinci), á educación de adultos (Grundtvig), ao persoal con poder de decisión en materia de educación: equipos directivos, servizos de orientación, inspectores, asesores

(Visitas de Estudo - antes Arión).

[Máis información.](#)

V EDICIÓN DOS PREMIOS EDUCACOMPOSTELA

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



O concello de Santiago de Compostela e Nova Escola Galega convocan a V edición dos **Premios Educacompostela**, co fin de recoñecer, promover, premiar e difundir os recursos educativos en prol da innovación,

da calidade educativa e da renovación pedagóxica. Poderán concorrer a eles centros de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria. O prazo de presentación dos traballos será do 28 de marzo ao 30

de xuño de 2007. Contan cun primeiro premio de 1.200 €, un segundo de 900 € e un terceiro de 600 €.

[Bases dos premios](#)

AXUDAS ECONÓMICAS PARA GASTOS DERIVADOS DE ACCIDENTES DE TRÁFICO

Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Sae publicada no DOG do 16 de febreiro de 2007 a Orde do 12 de febreiro de 2007 pola que se convocan axudas económicas para

compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico de persoal en función docente ou inspectora.

[Acceso ao DOG](#)

CONCURSO ESCOLAR “EL BANCO DE ESPAÑA Y LA ESTABILIDAD EN LA ECONOMÍA”

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas



O principal obxectivo do concurso é fomentar a participación dos centros, do profesorado e do alumnado en actividades relacionadas coa formación financeira. Poderá participar neste concurso calquera centro público, concertado ou pri-

vado do territorio nacional que presente un equipo de alumnado matriculado en bacharelato. Ao equipo gañador faráselle entrega dun diploma e de 8 ordenadores portátiles: 2 serán para o centro educativo, 1 para o profesor/a responsa-

ble do equipo e 5 para o alumnado participante.

[Ler máis.](#)

OPERACIÓN CAN

Operación CAN está coordinado pola Unión de Protectoras de Animais Federadas de Galicia (UPAFGA). Ao proxecto poden optar rapaces e rapazas de centros educativos galegos entre 1º de primaria e 4º da ESO que fagan unha ou máis can-

cións en galego relacionadas coa protección do medio natural, animais e plantas. Poderán presentarse gravacións ata o 1 de maio do 2007.

Máis información en: www.operacioncan.com

